

RESOLUCIÓN REITORAL DO 16 DE XUÑO DE 2026 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA DE PULO Á VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO DO CAMPUS AUGA

Por Resolución Reitoral do 28 de maio de 2026 publicouse a relación provisional de axudas concedidas na Convocatoria de axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga.

Transcorrido o prazo establecido na convocatoria para a presentación de alegacións, esta Reitoría

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da relación definitiva de axudas concedidas na Convocatoria de axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga, que figura no Anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor



Anexo I

RELACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS CONCEDIDAS

SOLICITANTE	PROXECTO	Puntuación	Importe concedido
Dos Santos Fernández, Helena Raquel	Caracterización e avaliación do potencial do mercado dun biofilm de insectos derivado de quitosano obtido mediante tecnoloxías de baixo impacto ambiental	72,7	3.300,0
Fernández Novoa, Diego	Ferramenta de predición de riscos agroclimáticos para a optimización de produción agrícola: validación e transferencia	75,2	4.083,3
Ferreira Santos, Pedro Miguel	Desenvolvemento e validación de fariña funcional a partir de bagazo de uva tinta do Ribeiro para aplicación en produtos de panadería	74,8	4.066,1
Rúa Rodríguez, María Luisa	Produción a escala de xilano e prebióticos de macroalgas para aplicacións alimentarias "XILNOVA"	93,3	4.700,0
Torrado Agrasar, Ana María	Validación regulatoria dun ingrediente alimentario rico en XOS de palla de trigo	70,7	3.850,6



RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES NON FINANCIADAS (INSUFICIENCIA DE CRÉDITO)

SOLICITANTE	PROXECTO	Puntuación
De la Torre Ramos, Laura	FortranAnalyser - desenvolvemento e promoción	67,0
Pérez Gregorio, María Rosa	Compostos fenólicos na sensibilidade ó glute non celíaca: da evidencia á transferencia-CELIPREV	68,3

